

RESUMO DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL DO 27 DE FEBREIRO DE 2023

1. ASISTENCIA AO PLENO. Referencia: 2023/00010007Y.

Aprobación de actas de sesións anteriores.

Apróbanse as actas correspondentes ás seguintes sesións:

- Ordinaria de data 13 de febreiro de 2023.
- Ordinaria de data 20 de febreiro de 2023.
- Extraordinaria-urxente de 21 de febreiro de 2023.

2. LICENZAS DE OBRA. Referencia: 2022/00040867G.

Licenza para obras de demolición para desmonte e achatarramento de maquinaria no LG Formarís, 60.

Acórdase CONCEDER a FINANCIERA MADERERA, S.A. licenza de OBRAS de demolición para desmonte e achatarramento de maquinaria no LUGAR DE FORMARÍS, 60 segundo Memoria técnica, cun orzamento de execución material de 436.901.19 €

A edificación está situada en solo clasificado como urbano no PXOM vixente e cualificado coa ordenanza 10 de actividades do mesmo Plan.

3. LICENZAS DE OBRA. Referencia: LIC/1936/2018.

Licenza de obra nova modificada para a construción de edificación de nave terciaria sen uso específico na Rúa Castela León, 8.

Acórdase CONCEDER a TERRAS DO SAR S.L. licenza de OBRA NOVA modificada para a construción de edificación de nave terciaria sen uso específico na RÚA CASTELA E LEÓN, 8 parcela N4a01c DO Polígono da Sionlla, segundo Proxecto básico e de execución modificado co visado colexial de data 09/11/2022 e anexo con data de rexistro de 12/12/2022, cun orzamento de execución material de 3.798.893 €.

As actuacións consistirán construción dunha nave de dous plantas baixo rasante e dúas plantas sobre rasante (B+1+2s) de uso global terciario sen uso específico ao determinar co Proxecto técnico de actividade, cunha superficie construída total de 15.063,70 m², ocupación en planta sobre rasante de 4.165,50 m² e unha altura máxima de 11,32 metros.

A edificación está situada en solo clasificado como urbano no PXOM vixente e cualificado coa Ordenanza 4. Edificación exenta. Variante 4A.

4. LICENZAS DE OBRA. Referencia: 2021/00052949S.

Demolición de edificio situado na rúa de Teo, 25.

Concédesse a SSG ACTIVOS E INVERSIONES SL licenza para realizar, segundo os informes que constan no expediente e conforme o proxecto técnico de data de visado do 21/10/2021, cun orzamento de execución material de 4.396,33 €, a demolición de edificio situado na rúa de Teo, 25 Santiago de Compostela (A Coruña).

5. LICENZAS DE OBRA. Referencia: 2022/00046178W.

Instalación de ascensor en rúa Quiroga Palacios 4-6-8, e autorizar a excepcionalidade do cumprimento das condicións de habitabilidade reguladas no Decreto 29/2010.

Acórdase:

- 1.- Conceder á CCPP Avda Quiroga Palacios, 4-6-8 licenza para realizar, segundo os informes que constan no expediente e conforme o proxecto básico e de execución de data de visado do 05/10/2022, cun orzamento de execución material de 40.300,00 €, a instalación de ascensor no edificio situado na Avda Quiroga Palacios, 6 Santiago de Compostela (A Coruña).
- 2.- Autorizar a excepcionalidade do cumprimento das condicións de habitabilidade reguladas no Decreto 29/2010, do 4 de marzo, de conformidade co informe da arquitecta municipal de data 09/12/2022 solicitada pola CCPP Avda Quiroga Palacios, 4-6-8 para a instalación de ascensor no edificio situado na Avda Quiroga Palacios, 6 Santiago de Compostela (A Coruña).
- 3.- Remitir copia da presente resolución á Dirección xeral do Instituto Galego de Vivenda e Solo, xunto con copia da solicitude de excepcionalidade e a documentación que achega.

6. CONTRATACIÓN. Referencia: 2022/00048421Z.

Declarar deserta a licitación para a contratación do “Servizo SaS (software como servizo) de interconexión de rexistros (SIR) entre o concello de Santiago de Compostela e o resto de Administracións Públicas”.

Declárase deserta a licitación para a contratación do “Servizo SaS (software como servizo) de interconexión de rexistros (SIR) entre o concello de Santiago de Compostela e o resto de Administracións Públicas”, ao non terse presentado ningunha oferta.

7. ASISTENCIA AO PLENO. Referencia: 2023/00010007Y.

Declaración de ausencia de conflito de intereses en expediente de contratación/subvencións.

Os membros presentes da Xunta de Goberno Local declaran:

Expediente: 2022/00050861Q.

CONTRATO: “

“Subministración e implantación dunha nova estrutura de CPD, financiado polo Plan de Recuperación, Transformación e Resiliencia-financiado pola Unión Europea-NextGenerationEU”.

Ao obxecto de garantir a imparcialidade no procedemento de contratación arriba referenciado, os membros da Xunta de Goberno Local, como participantes no proceso de preparación e tramitación do expediente, declaran:

Primeiro. Estar informados do seguinte:

1. Que o artigo 61.3 «Conflito de intereses», do Regulamento (UE, Euratom) 2018/1046 do Parlamento Europeo e do Consello, de 18 de xullo (Regulamento financeiro da UE) establece que «existirá conflito de intereses cando o exercicio imparcial e obxectivo das funcións véxase comprometido por razóns familiares, afectivas, de afinidade política ou nacional, de interese económico ou por calquera motivo directo ou indirecto de interese persoal.»
2. Que o artigo 64 «Loita contra a corrupción e prevención dos conflitos de intereses» da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, ten o fin de evitar calquera distorsión da competencia e garantir a transparencia no procedemento e asegurar a igualdade de trato a todos os candidatos e licitadores.
3. Que o artigo 23 «Abstención», da Lei 40/2015, de 1 outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público, establece que deberán absterse de intervir no procedemento «as autoridades e o persoal ao servizo das Administracións en quen se dean algunhas das circunstancias sinaladas no apartado seguinte», sendo estas:
 - a) Ter interese persoal no asunto de que se trate ou noutro en cuxa resolución puidese influír a daquel; ser administrador de sociedade ou entidade interesada, ou ter cuestión litixiosa pendente con algún interesado.
 - b) Ter un vínculo matrimonial ou situación de feito asimilable e o parentesco de consanguinidade dentro do cuarto grao ou de afinidade dentro do segundo, con calquera dos interesados, cos administradores de entidades ou sociedades interesadas e tamén cos asesores, representantes legais ou mandatarios que interveñan no procedemento, así como compartir despacho profesional ou estar asociado con estes para o asesoramento, a representación ou o mandato.
 - c) Ter amizade íntima ou inimidade manifesta con algunha das persoas mencionadas no apartado anterior.
 - d) Intervir como perito ou como testemuña no procedemento de que se trate.

e) Ter relación de servizo con persoa natural ou xurídica interesada directamente no asunto, ou prestarlle nos dous últimos anos servizos profesionais de calquera tipo e en calquera circunstancia ou lugar».

Segundo. Que non se atopan incursos en ningunha situación que poida cualificarse de conflito de intereses das indicadas no artigo 61.3 do Regulamento Financeiro da UE e que non concorre na súa/s persoa/s ningunha causa de abstención do artigo 23.2 da Lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público que poida afectar o procedemento de licitación/concesión.

Terceiro. Que se comprometen a por en coñecemento do órgano de contratación, sen dilación, calquera situación de conflito de intereses ou causa de abstención que dea ou puidese dar lugar ao devandito escenario.

Cuarto. Coñecen que unha declaración de ausencia de conflito de intereses que se demostre que sexa falsa carrexará as consecuencias disciplinarias, administrativas e/ou xudiciais que estableza a normativa de aplicación.

8. CONTRATACIÓN. Referencia: 2022/00050861Q.

Adxudicación do contrato de “Subministración e Implantación dunha nova estrutura de CPD financiado polo Plan de Recuperación, Transformación e Resiliencia – Financiado pola Unión Europea – NextGenerationEU “ á empresa PERIFERICOS Y MEMORIAS ESPAÑA, SLU.

Acórdase:

-Adxudicar o contrato que ten por obxecto, *Subministración e Implantación dunha nova estrutura de CPD financiado polo Plan de Recuperación, Transformación e Resiliencia – Financiado pola Unión Europea – NextGenerationEU* á empresa PERIFERICOS Y MEMORIAS ESPAÑA, SLU, por un importe total de **264.461,23 €** (Base imponible: 218.563,00,00 €, IVE do 21%: 45.898,23 €), por ser a oferta máis vantaxosa das presentadas.

-Comprometer o gasto de 264.461,23 € que se financiará con cargo á aplicación orzamentaria: 030 92001 6260001 (código de gasto: 2022 2 NGINF 11).

9. ASISTENCIA AO PLENO. Referencia: 2023/00010007Y.

Declaración de ausencia de conflito de intereses en expediente de contratación/subvención.

Os membros presentes da Xunta de Goberno Local declaran:

Expediente: 2023/00004044R.

CONTRATO:

“Aprobación do expediente do servizo de redacción do proxecto básico e de execución e dirección de obra para a adecuación do Pazo de Raxoi, sede do concello de Santiago de Compostela para a realización de visitas turísticas de carácter histórico, arquitectónico e artístico”.

Ao obxecto de garantir a imparcialidade no procedemento de contratación arriba referenciado, os membros da Xunta de Goberno Local, como participantes no proceso de preparación e tramitación do expediente, declaran:

Primeiro. Estar informados do seguinte:

1. Que o artigo 61.3 «Conflito de intereses», do Regulamento (UE, Euratom) 2018/1046 do Parlamento Europeo e do Consello, de 18 de xullo (Regulamento financeiro da UE) establece que «existirá conflito de intereses cando o exercicio imparcial e obxectivo das funcións véxase comprometido por razóns familiares, afectivas, de afinidade política ou nacional, de interese económico ou por calquera motivo directo ou indirecto de interese persoal.»

2. Que o artigo 64 «Loita contra a corrupción e prevención dos conflitos de intereses» da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, ten o fin de evitar calquera distorsión da competencia e garantir a transparencia no procedemento e asegurar a igualdade de trato a todos os candidatos e licitadores.

3. Que o artigo 23 «Abstención», da Lei 40/2015, de 1 outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público, establece que deberán absterse de intervir no procedemento «as autoridades e o persoal ao servizo das Administracións en quen se dean algunhas das circunstancias sinaladas no apartado seguinte», sendo estas:

a) Ter interese persoal no asunto de que se trate ou noutro en cuxa resolución puidese influír a daquel; ser administrador de sociedade ou entidade interesada, ou ter cuestión litixiosa pendente con algún interesado.

b) Ter un vínculo matrimonial ou situación de feito asimilable e o parentesco de consanguinidade dentro do cuarto grao ou de afinidade dentro do segundo, con calquera dos interesados, cos administradores de entidades ou sociedades interesadas e tamén cos asesores, representantes legais ou mandatarios que interveñan no procedemento, así como compartir despacho profesional ou estar asociado con estes para o asesoramento, a representación ou o mandato.

c) Ter amizade íntima ou inimidade manifesta con algunha das persoas mencionadas no apartado anterior.

d) Intervir como perito ou como testemuña no procedemento de que se trate.

e) Ter relación de servizo con persoa natural ou xurídica interesada directamente no asunto, ou prestarlle nos dous últimos anos servizos profesionais de calquera tipo e en calquera circunstancia ou lugar».

Segundo. Que non se atopan incursos en ningunha situación que poida cualificarse de conflito de intereses das indicadas no artigo 61.3 do Regulamento Financeiro da UE e que non concorre na súa/s persoa/s ningunha causa de abstención do artigo 23.2 da Lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público que poida afectar o procedemento de licitación/concesión.

Terceiro. Que se comprometen a por en coñecemento do órgano de contratación, sen dilación, calquera situación de conflito de intereses ou causa de abstención que dea ou puidese dar lugar ao devandito escenario.

Cuarto. Coñecen que unha declaración de ausencia de conflito de intereses que se demostre que sexa falsa carrexará as consecuencias disciplinarias, administrativas e/ou xudiciais que estableza a normativa de aplicación.

10. CONTRATACIÓN. Referencia: 2023/00004044R.

Aprobación do expediente de contratación da "Redacción do Proxecto Básico e de Execución e Dirección de Obra para a adecuación do Pazo de Raxoi, sede do concello, para a realización de visitas turísticas de carácter histórico, arquitectónico e artístico".

Acórdase:

Primeiro: Aprobar o expediente denominado *Servizo de redacción do Proxecto Básico e de Execución e Dirección de Obra para a adecuación do Pazo de Raxoi, sede do Concello de Santiago de Compostela, para a realización de visitas turísticas de carácter histórico, arquitectónico e artístico*, cun orzamento base de licitación de **350.160,98 €** (base imponible de 289.389,24 € máis IVE do 21% por importe de 60.771,74 €).

Segundo: Abrir o procedemento aberto de adxudicación.

Terceiro: Aprobar o gasto correspondente por importe de e 350.160,98 €, que se imputará á aplicación orzamentaria 060 93300 6320000 (código de proxecto: 2022 2 NGRAX 22).

Este contrato conta coa financiación da convocatoria de Proxectos de mantemento e rehabilitación do patrimonio histórico con uso turístico integradas no Compoñente 14 da política panca V (Modernización e dixitalización do tecido industrial e das PEMES e recuperación do turismo e impulso dunha España nación emprendedora) do Plan de Recuperación, Transformación e Resiliencia (PRTR), que incorpora o Plan de Modernización e competitividade do sector turístico e en concreto no investimento 4, subproxecto 3, de investimento no mantemento e rehabilitación do patrimonio histórico de uso turístico.

11. AREA IX.- MEDIO RURAL. Referencia: 2022/00044613R.

Aprobación da non división en lotes do investimento "Subministración, instalación, configuración e posta en marcha de ordenadores de sobremesa e monitores en centros socioculturais no ámbito rural de Santiago de Compostela (campana 2022)".

Acórdase:

1.- Non dividir en lotes o investimento obxecto do proxecto/prego que se solicita incluír no Plan provincial de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal (Plan único de concellos) POS+ Adicional 2/2022 cos datos que se indican:

Denominación do investimento: *Subministración, instalación, configuración e posta en marcha de ordenadores de sobremesa e monitores en centros socioculturais no ámbito rural de Santiago de Compostela (campana 2022)*

Orzamento de contrata do investimento: **39.170,17 €**

2.- Esta decisión de non dividir en lotes o obxecto do proxecto/prego indicado está xustificada pola concorrencia dos seguintes motivos válidos de acordo co disposto no artigo 99.3 da Lei 9/2017,

do 8 de novembro, de contratos do sector público (BOE núm. 272, do 9 de novembro de 2017), e quedará debidamente xustificada no expediente de contratación:

A realización independente das diversas prestacións comprendidas no obxecto do contrato dificultaría a correcta execución do mesmo desde un punto de vista técnico.

O risco para a correcta execución do contrato procede da natureza obxecto do mesmo, ao implicar a necesidade de coordinar a execución das diferentes prestacións, cuestión que podería verse imposibilitada pola súa división en lotes e a execución por unha pluralidade de contratistas diferentes.

12. AREA IX.- MEDIO RURAL. Referencia: 2022/00044613R.

Aprobación do prego de prescricións técnicas particulares da “Subministración, instalación, configuración e posta en marcha de ordenadores de sobremesa e monitores en centros socioculturais no ámbito rural de Santiago de Compostela (campaña 2022)” revisado segundo informe supervisión Deputación.

Acórdase:

Primeiro. Aprobar o prego de prescricións técnicas particulares de data 21/02/2023 para a “Subministración, instalación, configuración e posta en marcha de ordenadores de sobremesa e monitores en centros socioculturais no ámbito rural de Santiago de Compostela (campaña 2022)”, cun orzamento total de **39.170,17 euros**.

Segundo. Comunicar este acordo á Deputación Provincial da Coruña para o seu coñecemento e para os efectos de continuar coa tramitación da solicitude presentada ao abeiro do plan POS+ Adicional 2/2022.

13. OBRAS E PROXECTOS. Referencia: XOB/434/2017.

Aprobación do proxecto de execución do Centro Integral para a Inclusión Social.

Apróbase o proxecto de execución do Centro Integral para a Inclusión Social elaborado polo estudio de arquitectura ARQUITAV ARQUITECTOS SLP no entorno do Parque de Belvís, concretamente no edificio que actualmente acolle o Centro de Interpretación Ambiental de Compostela (CIAC).

O.E.M. (Orzamento de Execución Material) 580.000,00 €

O.B.L. (Orzamento Base de Licitación, sen I.V.E.) 690.200,00 € (O.E.M. + 13% G.G. + 6% B.I.)

O.B.L. + I.V.E. **835.142,00 €** (O.E.C. + 21% I.V.E.)

O prazo de execución estimado é de 8 meses.

Trátase dunha operación vinculada a Estratexia de Desenvolvemento Urbano Sostible e Integrado de Santiago de Compostela (EDUSI - REVIVE COMPOSTELA). Encádrase dentro do Vector Estratéxico Ci “Compostela Inclusiva”, na Liña de Actuación nº 1: “Rexeneración económica e social en barrios e/ou colectivos desfavorecidos”.

Os obxectivos principais a conseguir con este centro son os seguintes:

- Promover unha cidadanía aberta e inclusiva, cohesionando a diversidade e a interculturalidade.

- Constituír un equipo interdisciplinar de profesionais que traballen especificamente no ámbito da inclusión social.

- Realizar un traballo en rede con tódalas entidades de iniciativa social e servizos públicos que interveñan con colectivos con factores de vulnerabilidade social.

O ámbito de actuación é o entorno urbano do Parque de Belvís, concretamente no edificio que actualmente acolle o Centro de Interpretación Ambiental de Compostela (CIAC). As edificacións se ubican na CM AMEIXAGA 13. Segundo datos catastrais a parcela dispón dunha superficie de 3.105 m2. As construcións posúen unha superficie construída total de 1.152 m2.

As obras que nos ocupan teñen a finalidade de recuperar a imaxe orixinal das edificacións e alterar o mínimo posible a aparencia do conxunto para mellorar a integración na contorna.

En canto aos edificios en ruínas, reconstrúense recuperando a súa forma e altura orixinais. Estes volumes manterán a súa composición exterior, polo que quedará a pedra vista. Se recuperan os ocos en fachada e ábreanse novos ocos na cuberta para garantir a iluminación das estancias superiores.

No exterior, a actuación céntrase en conectar todos os accesos para asegurar a mobilidade entre todas as edificacións. Para iso, realízanse actuacións encamiñadas a eliminar barreiras arquitectónicas, modificando o terreo para adaptalo ás cotas dos accesos. Serán maioritariamente zonas verdes con senllas de conexión de laxas de pedra.

Desta forma, a imaxe arquitectónica final será unha reprodución dos edificios primitivos. Consérvase a imaxe exterior dos volumes previamente rehabilitados, que están revestidos e pintados de cor branca, e mantéñense os ocios actuais polo que a distribución interior adaptarase a eles.

O programa da intervención divídese en tres áreas funcionais:

- *Área de acollida e intervención social (AF1)*

Área na que levarán a cabo labores de acollida (primeira atención, valoración, orientación, aproximación diagnóstica, deseño da intervención social), garantirase o aloxamento e cubriranse as necesidades básicas. Contará con: Zona de recepción, despachos para traballadores sociais, arquivo, sala de espera e zona de descanso, aseos e duchas segregados por xénero, zona de lavandería, consignas de uso individual, sala de limpeza e un salón de actos para a realización de actividades diversas.

- *Área de intervención socio-educativa e de atención socio-sanitaria (AF2)*

A través da cal se coordinarán os distintos servizos sociais comunitarios e dispositivos de atención primaria de saúde e de atención especializada e levarán a cabo labores socio-educativas (orientación continuada, pautas de saúde e hixiene persoal...). Deberá contar con: Despachos para: educadora de intervención residencial, educadora da zona de referencia, técnicos que implementen programa vivenda e técnicos da UMAD; aulas para traballo en grupos, aula de informática, sala de espera e zona de descanso, aseos e comedor-cociña.

- *Área de incorporación social (AF3)*

Será a zona de dirección e de implementación do Programa municipal de Inclusión Social. Contará con: Despachos para axente de desenvolvemento local, psicólogo, dirección do centro; aulas para traballo en grupos, aseos, sala de espera e zona de descanso e sala de xuntas.

En canto aos espazos exteriores, adecuaranse para ser utilizados como praza pública e lugar de encontro, así como unha zona para actividade hortícola.

14. SERVIZOS SOCIAIS. Referencia: 2022/00036875Z.

Convalidación da omisión da función interventora e recoñecemento de obrigas e aprobación de xustificacións das bolsas de comedor escolar e realización de actividades extraescolares do mes de decembro do 2022, do Concello de Santiago de Compostela, para o curso 2022-2023 e do seu pagamento.

Acórdase:

Primeiro.- Validar a omisión da función interventora en relación con este expediente.

Segundo.- Autorizar, dispoñer e recoñecer as obrigas e aprobación de xustificacións das *bolsas de comedor escolar e realización de actividades extraescolares do mes de decembro do 2022, do Concello de Santiago de Compostela, para o curso 2022-2023 e do seu pagamento*, que irán con cargo á aplicación orzamentaria 020 23100 480010100/2023.

Bolsas comedor escolar: 54.363,65 €

Bolsas de actividades extraescolares: 11.268,50 €

15. MEDIO AMBIENTE E SANIDADE. Referencia: 2022/00003398G.

Aprobación da conta xustificativa da subvención ao abeiro da Orde do 30 de novembro de 2021 da Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda.

Acórdase:

1. Aprobar a conta xustificativa da subvención ao abeiro da Orde do 30 de novembro de 2021 da Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda (Resolución do 13 de xuño de 2022, DOG núm.119 do 22.06.2022), sendo o gasto correctamente xustificado en forma e prazo de **47.740,73 €** que se corresponde a máis dun 50% do importe total da subvención e polo que corresponde unha minoración no importe da axuda concedida.

2. Recoñecer que a empresa contratada, ALQUI-ENVAS, cumpriu co compromiso en relación coa execución de actuación do plan de recuperación, transformación e resiliencia. O obxecto do contrato con esta empresa era a subministración de caldeiros e bolsas compostables para a recollida separada domiciliar de biorresiduos, e caldeiros e bolsas compostables para a recollida separada de biorresiduos de grandes xeradores no Concello de Santiago.

16. COMERCIO. Referencia: 2022/00058465F.

Aprobación da concesión e xustificación dos premios do concurso de escaparates de Nadal 2022.

Acórdase:

Primeiro: Aprobar a concesión e xustificación dos seguintes premios do concurso de escaparates de Nadal 2022 polos importes e ás persoas que seguen:

1. Infinita Eventos y Viajes. **2.000 €**
2. Maria Salomé Calle Pardo. **1.500 €**
3. MANANT SC. **1.200 €**
4. PATRICIA PEITEADO CONSTENLA. **1.000 €**
5. MANANT SC. **750 €**
6. María Carmen Landeira Barbeira. **500 €**

A suma total dos premios a conceder ascenden a 6.950,00 euros e van con cargo á aplicación orzamentaria 010 43100 4790000.

Respecto as contías dos premios indicadas, aplicaranse as retencións fiscais que correspondan.

Segundo: Aprobar o compromiso do gasto e o recoñecemento da obriga a favor das persoas e polos importes indicados no punto primeiro desta proposta de resolución, con cargo á aplicación orzamentaria 010 43100 4790000.

17. RELACIÓNS VECIÑAIS E MOCIDADE. Referencia: 2023/00000413B.

Aprobación conxunta da concesión e xustificación dos premios do concurso de decoración de Nadal veciñal do Concello de Santiago de Compostela 2022/2023.

Acórdase a:

Aprobación conxunta da concesión e xustificación dos premios do Concurso Decoración de Nadal Veciñal 2022 por un importe total de 2.000 euros con cargo á aplicación orzamentaria 060 33404 4890100 segundo os seguinte premios:

- 1º Premio de 500 € a Ana Mª Cepeda González
- 2º Premio de 500 € a Mª Ángeles Gestoso Lamas
- 3º Premio de 500 € a Luz Divina Pazos Castro
- 4º Premio de 500 € a Manuel Goyanes Martínez

18. PRESIDENCIA E TURISMO. Referencia: 2022/00058419F.

Aprobación do gasto relativo á convocatoria de subvencións de cooperación ao desenvolvemento 2022 do Concello de Santiago de Compostela.

Apróbase o gasto relativo á CONVOCATORIA DE SUBVENCIONES DE COOPERACIÓN AO DESENVOLVEMENTO 2022 DO CONCELLO DE SANTIAGO DE COMPOSTELA, por importe de 167.471,36 euros con cargo ás seguintes aplicacións orzamentarias:

71.471,36 € na aplicación orzamentaria 070 23103 4900100

96.000,00 € na aplicación orzamentaria 070 23103 7900000 Proxecto de gasto 2021 2 TCOOP 53

19. SERVIZOS BÁSICOS. Referencia: 2023/00009490L.

Aprobar as bases reguladoras e convocatoria para adxudicacións das autorizacións para o exercizo de venda ambulante de bens de artesanía.

Acórdase:

1. Establecer as seguintes ubicacións para o desenvolvemento da actividade de venda ambulante de bens de artesanía: Praza da Inmaculada, Praza de Cervantes, Praza Salvador Parga, Praza de Fonseca.

2. Aprobar o número de postos de venda en cada emplazamento e os horarios da actividade:

Número de postos e ubicacións:

- Praza da Inmaculada: 6 postos
- Praza Salvador Parga: 7 postos

- Praza Cervantes: 4 postos
- Praza Fonseca: 1 posto de fotógrafo/a (proceso non automatizado)

Establecerase un sistema de rotación nas diferentes ubicacións.

Datas e horarios:

A actividade poderá axercese **dende as 9 ata as 21 horas diariamente**.

3. Aprobar as Bases reguladoras para o outorgamento das autorizacións correspondentes ao exercizo da actividade de Venda ambulante de bens de artesanía, segundo o Anexo que se relaciona de seguido, e iniciar o procedemento para a expedición das citadas autorizacións.

20. CULTURA E FESTAS. Referencia: 2023/00009197W.

Aprobación das bases da convocatoria dos Premios SELIC de creación literaria 2023 e autorización do gasto correspondente.

Acórdase:

1. Aprobar as Bases da convocatoria dos Premios SELIC de creación literaria 2023.
2. Autorizar o gasto de 7.500 euros con cargo a aplicación orzamentaria 2023 050 33400 4890100 da área de Cultura pertencente á Concellería de Acción Cultural.

A Concellaría de Acción Cultural pretende ampliar a promoción da creación ao ámbito literario co obxectivo de contribuír tamén á promoción da cidade como escenario da actividade artística e creativa.

A convocatoria que agora se promove dálle continuidade á iniciada en 2018 coa convocatoria dos primeiros premios SELIC de creación literaria. O obxectivo dos premios de creación literaria é abranguer os diferentes xéneros: narrativa, poesía, ensaio e dramaturxia. Outorgarase un premio cunha dotación de 6.000 € e un accésit cunha dotación de 1.500 €. Os premios levan aparellada a autorización para a súa

publicación por parte do Concello de Santiago de Compostela.

O período de presentación de orixinais remata o 10 de setembro de 2023.

O fallo dos premios será dado a coñecer antes do fin de ano de 2023, previa deliberación do xurado nomeado para tal fin por órgano competente.

21. EDUCACIÓN. Referencia: 2023/00008896T.

Programa municipal de conciliación de Semana Santa 2023.

Acórdase:

1.- Aprobar a Memoria do programa municipal de conciliación de Semana Santa 2023, que terá lugar os días 3, 4, 5 e 10 de abril de 2023 nas instalacións do CEIP Quiroga Palacios e CEIP Monte dos Postes de acordo coas características recollidas no Informe.

2.- Aprobar a gratuidade do programa municipal de conciliación de Semana Santa 2023, nos termos que se recollen neste informe e na memoria económica.

Este programa concíbese como un espazo educativo, de promoción do ocio e o tempo de lecer, ademais dun recurso para a conciliación familiar e laboral no tempo de vacacións.

Este programa concíbese como un espazo educativo, de promoción do ocio e o tempo de lecer, ademais dun recurso para a conciliación familiar e laboral no tempo de vacacións.

Destinatarios: Nenos e nenas empadroados o Concello de Santiago de Compostela ou que cursen estudos en centros de educación infantil e primaria de Santiago de Compostela, entre o 2º Ciclo de Educación Infantil e o 3º Ciclo de Educación Primaria (ambos os dous inclusive) con idades comprendidas entre os 3 e os 12 anos.

Datas de realización e modalidades de participación: O programa desenvolverase durante o período de vacacións escolares de Semana Santa: os días 3, 4, 5 e 10 de abril de 2023, sen prexuízo dos traballos previos necesarios para a organización da actividade.

A modalidade de participación dos interesados será:

Completa: os 4 días. Non se admiten solicitudes para días soltos. O horario será de 9:00 a 14:00 horas; ofrécese a posibilidade de que as familias poidan solicitar ademais un servizo de madrugadores con almorzo (de 7:45 a 9:00 horas) e un servizo de comedor (de 14:00 a 16:00 horas).

NÚMERO DE PRAZAS:

☑ Obradoiros e actividades (9.00h a 14.00h): **170 prazas**, das que 20 reservaranse para nenos e nenas con informe do Departamento de Servizos Sociais do Concello de Santiago de Compostela e terán carácter de acceso directo ao programa, tal e como se recolle no Informe do Departamento de Servizos Sociais.

☑ **Servizo de almuerzo** (7.45h a 9.00h): **70 prazas**, das que 20 resérvanse para nenos e nenas con informe do Departamento de Servizos Sociais do Concello de Santiago de Compostela.

☑ **Servizo de xantar** (14.00h a 16.00h) : **120 prazas**, das que 20 resérvanse para nenos e nenas con informe do Departamento de Servizos Sociais do Concello de Santiago de Compostela.

Abrirase un prazo de solicitude entre os días 28 de febreiro e 3 de marzo de 2023 (ambos os dous inclusive).

O Concello de Santiago destina a este programa un orzamento total máximo: **14.490,00 €** (10% IVE engadido) con cargo á aplicación orzamentaria nº 080 32600 2269900.

22. EDUCACIÓN. Referencia: 2023/00009740Q.

Procedemento de reserva, admisión e matrícula nas escolas infantís municipais de Conxo, As Fontiñas e Meixonfrío-Salgueiriños para o curso 2023-2024.

Acórdase a:

1.- Aprobación dos procedementos de reserva, admisión e matrícula nas Escolas Infantís Municipais de Conxo, As Fontiñas e de Meixonfrío- Salgueiriños para o curso 2023-2024, coas características sinaladas nesta proposta.

2.- Se houberse algún cambio na normativa da Xunta de Galicia que poida ser de aplicación ou afecte ás escolas infantís municipais con posterioridade ao acordo desta Xunta de Goberno Local, esa norma sería de aplicación e de cumprimento obrigado tanto para os usuarios como para a empresa adxudicataria da xestión das escolas infantís.

PRAZO DE PRESENTACIÓN DAS SOLICITUDES

1 O prazo de presentación de solicitudes do procedemento de **reserva de praza e traslado do alumnado actual e, dos/as traballadores/as das E.I.M de Conxo, As Fontiñas e Meixonfrío-Salgueiriños** será entre os días **1 e 10 de marzo de 2023** (ambos os dous inclusive).

As solicitudes presentaranse segundo o modelo normalizado “Solicitude de reserva de praza nas escolas infantís municipais” ben por medios electrónicos ou de xeito presencial, no Rexistro xeral do Concello de Santiago (Rúa Presidente Salvador Allende 4, Galeras) ou mediante calquera das formas previstas no artigo 16.4 da Lei 39/2015 do 1 de outubro, de procedemento administrativo común das administracións públicas.

2 Unha vez rematado o período de presentación de solicitudes e revisadas as reservas de praza se procederá o día 15 de marzo de 2023 á exposición pública na páxina web municipal e nos taboleiros de anuncios das escolas infantís municipais, a lista de reservas e traslados e o número de prazas vacantes por unidades.

3 O prazo de presentación de solicitudes de novo ingreso será do 16 de marzo ao 17 de abril de 2023.

As listas definitivas de admitidos/as, excluídos/as e da lista de agarda faranse públicas entre 29 de maio e o 5 de xuño. **O prazo de matrícula** para todo o alumnado das escolas infantís municipais de Conxo, As Fontiñas, e Meixonfrío-Salgueiriños será do **6 ao 16 de xuño**.

Será requisito imprescindible para ser adxudicatario de praza nas escolas infantís municipais que o/a neno/a solicitante estea empadroadado no concello de Santiago de Compostela para optar á praza.

23. ALCALDÍA. Referencia: 2023/00010101P.

Designación de representantes municipais nos consellos escolares de centros educativos.

Acórdase:

Primeiro. Designar á concelleira do Grupo Municipal Socialista dona María Begoña Rodríguez Rodríguez como representante dese grupo político nos centros educativos que se indican, deixando sen efecto as designacións anteriores:

☑ Escolas rurais: escola de Rial - Laraño.

☑ Colexios privados – concertados: Colexio “A Milagrosa”.

☑ Centros de educación especial: Centro de Educación Especial “O Pedroso”.

Segundo. Comunicar este acordo aos centros educativos referidos para o seu coñecemento e aos efectos oportunos.

24. PRESIDENCIA E TURISMO. Referencia: 2023/00009306L.

Dar conta da Resolución nº 2023/2382 de 22 de febreiro de 2023 do Concelleiro delegado de Presidencia, Relacións Institucionais, Turismo, Festas, Protección Civil e Servizo de Extinción de Incendios e Emerxencias, en relación á solicitude de subvencións a concellos convocada pola Axencia de Turismo de Galicia para o apoio, promoción e difusión da festa Semana Santa de Santiago de Compostela 2023.

Dase conta da Resolución nº 2023/2382 de 22 de febreiro de 2023 do Concelleiro delegado de Presidencia, Relacións Institucionais, Turismo, Festas, Protección Civil e Servizo de Extinción de Incendios e Emerxencias, en relación á solicitude de subvencións a concellos convocada pola Axencia Turismo de Galicia por Resolución do 26 de decembro de 2022 (DOG nº 17 de 25 de xaneiro de 2023), con código TU500A, para o apoio, promoción e difusión da festa Semana Santa de Santiago de Compostela 2023.

Resolución nº 2023/2382:

a) Aprobar a solicitude de axuda ao amparo da convocatoria de subvencións a concellos da Axencia Turismo de Galicia para o apoio, promoción e difusión da Semana Santa de Santiago de Compostela 2023, para gastos de maquetación e impresión dos programas da Semana Santa compostelá 2023, por importe total de 4.456,43 € (Ive engadido).

b) Aprobar o compromiso de que se vai financiar o importe da actividade que non resulte subvencionado ao abeiro da convocatoria, ata o importe total da execución prevista.

c) Acollerse ao convenio marco entre a Axencia Turismo de Galicia e a entidade financeira ABANCA polo que esta entidade achega para a promoción da festa un importe de 1.500 €.

25. OFICINA DE REHABILITACIÓN E VIVENDA. Referencia: 2023/00010040Q.

Dar conta en Xunta de Goberno Local da addenda de data 21 de decembro de 2022 pola que se prorroga a vixencia dos Acordos de comisión bilateral vixentes relativos ao Plan de vivenda 2013-2016.

Dase conta á Xunta de Goberno Local da addenda pola que se prorroga a vixencia dos seguintes Acordos de comisión bilateral vixentes relativos ao plan de vivenda 2013-2016 ata o 31 de decembro de 2023, en virtude do Real decreto 903/2022, do 25 de outubro, polo que se modifica a disposición transitoria primeira do Real decreto 106/2018:

ACORDOS ASINADOS o 14 de marzo de 2015:

Fase 13ª do Casco Histórico

ACORDOS ASINADOS o 27 de outubro do 2015:

Fase 14ª do Casco Histórico

Fase 7ª do Polígono de Vista Alegre

Fase 4ª do Barrio de Pontepedriña Grupo de Vivendas Compostela e Cardeal Quiroga Palacios

ACORDOS ASINADOS o 26 de outubro do 2017:

Fase 15ª do Casco Histórico

Fase 8ª do Polígono de Vista Alegre

Fase 5ª do Barrio de Pontepedriña Grupo de Vivendas Compostela e Cardeal Quiroga Palacios

Fase 1ª do Barrio de Vite

Como resultado da tramitación das anteriores convocatorias e tal como recolle detidamente o informe técnico, dispoñeríase aínda dalgún remanente de consideración nos ámbitos do Casco Histórico (22 actuacións e 166.873,69 €), do Barrio de Pontepedriña (52 actuacións e 330.401,51 €) e do Barrio de Vite (16 actuacións e 266.512,24 €), o que xustifica a solicitude de prórroga ofrecida polo IGVS para os acordos vixentes.

26. ASESORÍA XURÍDICA. Referencia: 2023/00009803X.

Dación de conta da sentenza recaída no PA 323/2022 CA1 de Lugo.

Dase conta da Sentenza do 31.01.2023. Órgano xudicial: Xulgado Contencioso-Administrativo nº 1 de Lugo. Procedemento: PA PROCEDIMIENTO ABREVIADO 323 /2022

Obxecto: Sanción limitación horaria Estado de Alarma

O sentido da resolución é desfavorable, xa que estima o recurso con imposición de costas ao Concello, anulando a resolución impugnada e deixándoa sen efecto pois o expediente caducou e a infracción prescribiu.

Acórdase:

1. Tomar coñecemento da resolución xudicial
2. Non interpoñer recurso de apelación
3. Remitir ao Departamento de Tráfico para os efectos da súa execución

27. ASESORÍA XURÍDICA. Referencia: 2023/00009454Y.

Dación de conta da senteza recaída no recurso de apelación 4292/2022 TSX- PO 358/2018 CA1.

Dase conta da Sentenza nº 451/2022. AP 4292/2022 TSX, PO 358/2018 CA1

Obxecto: legalización da actividade desenvolvida por “Arines Obras y Proyectos SL” na rúa Brúa 29 de Santiago de Compostela.

A sentenza é favorable para o Concello, recorrible en casación.

O demandante viña de impugnar a legalización da actividade desenvolvida pola empresa, xa que ao seu entender esta realiza unha actividade netamente industrial, incompatible coa clasificación como solo rústico de protección agropecuaria da parcela na que se asenta.

A Sala acolle o argumento da defensa municipal, ao afirmar que unha cousa é cuestionar a legalización da actividade agropecuaria; e outra, que na parcela estea estacionada maquinaria destinada a outros usos, debendo acreditarse o seu funcionamento, e non só a estancia.

Contra esta resolución cabía interpoñer recurso de casación. Por dilixencia de ordenación, do 17.02.2023, declárase a súa firmeza.

Acórdase:

1. Tomar coñecemento da sentenza.
2. Remitir ao Servizo de Licenzas e Disciplina para o seu coñecemento.

28. ASISTENCIA AO PLENO. Referencia: 2023/00010007Y.

Dar conta das resolucións da alcaldía e das concellerías delegadas.

Tomase coñecemento das resolucións da alcaldía e das concellerías delegadas.

URXENCIAS

29. CONTRATACIÓN. Referencia: 2021/00059059F

Prorroga do contrato de aluguer do inmovible denominado Casa Parroquial de Barciela para uso sociocultural e asociativo da parroquia de Barciela, no lugar de Sigüeiro e revisión do IPC.

Acórdase:

Primeiro.- Prorrogar o contrato de aluguer do inmovible denominado Casa Parroquial de Barciela para uso sociocultural e asociativo da parroquia de Barciela, no lugar de Sigüeiro, propiedade de La Iglesia Católica, Arzobispado de Santiago de Compostela, polo prazo de un ano a contar desde o 3 de marzo de 2023 ata o 2 de marzo de 2024.

Respecto á revisión de prezos, no contrato asinado con data 3 de marzo de 2022, na súa cláusula segunda, que é vinculante para as partes, establececese que o importe da renda será revisado anualmente conforme as variacións que experimente o índice xeral de prezos ó consumo, polo que propónse a revisión do IPC dende a partir do 3 de marzo de 2023, tomando como referencia a variación do IPC dende febreiro de 2023 ata febreiro de 2023. A renda definitiva a partir do 3 de marzo de 2023 fixarase unha vez publicado o IPC do mes de febreiro de 2023.

Para o mes de marzo de 2023 satisfarase a renda actual por importe mensual de 371,90 € mais IVE (450 €).

Segundo.- Aprobar e comprometer un gasto por importe de 5.400 €, que se financiará con cargo á aplicación orzamentaria nº 050 33403 2020000 CSC. ARRENDAMENTOS EDIFICIOS E OUTRAS CONSTR., quedando condicionado á existencia de crédito adecuado e suficiente en dito exercicio.

Anualidade 2023 (03/03/2023 ata 31/12/2023): 4.470,00 €, no que existe crédito adecuado e suficiente segundo se deriva do documento contable RC que se xunta ao expediente.

Anualidade 2024 (01/01/2024 ata 02/03/2024): 930,00 €, no que queda condicionado á existencia de crédito adecuado e suficiente.

Publicado o IPC de febreiro de 2023 efectuárase de oficio a revisión correspondente con efectos dende o 3 de marzo de 2023, dando conta a Xunta de Goberno e a Intervención Municipal.